



CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto
15806 Toques (A Coruña)
Tlfn.: 981 505 826
Fax: 981 506 255
Páxina web: www.toques.es
e-mail: correo@toques.dicoruna.es

BASES PARA A CONTRATACIÓN DE TRES PEÓNS DE OBRAS PÚBLICAS COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL DO CONCELLO DE TOQUES. ANO 2022.

PRIMEIRA.- Obxecto da convocatoria.- O obxecto desta convocatoria é a contratación laboral temporal de DOUS PEÓNS DE OBRAS PÚBLICAS a xornada completa por parte do Concello de Toques.

Ao presente proceso de selección seralle de aplicación o previsto no Decreto Lexislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia; o artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 781/1986 polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; artigos 91 e 103 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; a Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, no que se refire a persoal laboral temporal e supletoriamente, o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de Réxime Disciplinario dos funcionarios da Administración do Estado e polo Real Decreto-Lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo (Disposición Transitoria cuarta).

Ditas contratacións de persoal laboral temporal están subvencionadas pola Deputación Provincial de A Coruña a través da liña de subvención do Programa de Integración Laboral mediante execución de obras e servizos mínimos municipais dirixido a concellos da provincia da Coruña durante o exercicio 2022.

SEGUNDA.- Modalidade de contratación.- Contrato de persoal laboral temporal de duración determinada, por obra ou servizo, a xornada completa (xa que se pretende contratar antes do día 30 de marzo de 2022 en aplicación da Disposición Transitoria Cuarta que establece que “... os contratos para obra e servizo determinado e



CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto
15806 Toques (A Coruña)
Tlfn.: 981 505 826
Fax: 981 506 255
Páxina web: www.toques.es
e-mail: correo@toques.dicoruna.es

os contratos eventuais por circunstancias do mercado, acumulación de tarefas ou exceso de pedidos, celebrados desde o 31 de decembro de 2021 ata o 30 de marzo de 2022, rexeranse pola normativa legal ou convencional vixente na data en que se concertaron e a súa duración non poderá ser superior a seis meses”)

TERCEIRA.- Sistema de provisión.- Concurso.

CUARTA.- Xornada laboral e salarios.- Contrato a xornada completa: 40 horas semanais de luns a venres en horario partido de 9:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 19:00 horas.

Salario bruto mensual : O salario bruto sería de 1.166,67 euros ó mes (incluíndo pagas extras).

QUINTA.- Duración.- A duración prevista dos contratos é de 6 meses. En todo caso, a duración dos contratos extenderase como data máxima ata o 31-12-2022 (polo tanto non se poderá extender máis ala do presente ano 2022) xa que a subvención que outorga a Deputación Provincial de A Coruña a través da liña de subvención do Programa de Integración Laboral mediante execución de obras e servicios mínimos municipais dirixido a concellos da provincia da Coruña durante o exercicio 2022 só abarca os gastos salariais efectuados ata o día 31 de decembro do ano 2022.

SEXTA.- Requisitos dos aspirantes.- Os que figuran na Base 4.1 das Bases do programa de integración laboral mediante execución de obras e servicios mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes na anualidade 2022, é dicir as persoas a contratar no programa deberán estar en situación de desemprego na data de inicio do proceso, circunstancia que deberán acreditar os



CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto

15806 Toques (A Coruña)

Tlfo.: 981 505 826

Fax: 981 506 255

Páxina web: www.toques.es

e-mail: correo@toques.dicoruna.es

concellos con carácter previo á contratación e atoparase nalgunha das **seguintes situacións de exclusión laboral:**

- Mulleres, ó ter un diferencial de índice de paro rexistrado sensiblemente superior ó dos homes.
- Maiores de 45 anos.
- Persoas desempregadas de longa duración. Ós efectos deste programa se considerarán como parados de longa duración aquelas persoas que leven un mínimo de dous anos como demandantes de emprego.
- Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grado igual o superior ó 33%. A acreditación da discapacidade será comprobada polos concellos no proceso de selección das persoas a contratar.
- Persoas en situación de drogodependencia,
- Persoas que vivan nun fogar onde ningún teña emprego.
- Persoas con fogar monoparental.
- Persoas con problemas para encontrar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.
- Persoas vítimas de violencia de xénero.
- Persoas sen fogar.

Todos os requisitos esixidos deberán terse no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes, e manterse ao longo da duración do contrato.

SÉTIMA.- Actividades a realizar polo persoal contratado. En virtude do establecido na Base 2.3. das Bases do programa de integración laboral mediante execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes na anualidade 2022, o persoal contratado deberá realizar, exclusivamente, actividades relacionadas cos seguintes servizos mínimos previstos nos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local:



CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto

15806 Toques (A Coruña)

Tlfo.: 981 505 826

Fax: 981 506 255

Páxina web: www.toques.es

e-mail: correo@toques.dicoruna.es

a) En todos os municipios: alumeadado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, rede de sumidoiros, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.

b) Nos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes, ademais: parque público, biblioteca pública e tratamento de residuos.

c) (...) A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.

d) Protección da salubridade pública. Así mesmo, poderán executar pequenas obras de reparación e mantemento relacionadas cos ditos servizos.

OITAVA.- Presentación de solicitudes.- O Concello de Toques presentará a correspondente oferta de emprego na oficina do Servizo Público de Emprego de Melide, e será ésta a encargada de convocar aos candidatos que reúnan os requisitos esixidos pola oferta e tamén os requisitos necesarios para poder participar nestas contratacións. Asimesmo, estas bases serán publicadas no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica do Concello de Toques (<https://sede.toques.es>) .

Os/as aspirantes deberán presentar unha instancia (Anexo I), dirixida ao Sr. Alcalde, no Rexistro Xeral do Concello de Toques, a esta instancia deberán achegar a seguinte documentación:

- A) D.N.I.
- B) Permiso de conducir B1.
- C) Certificados dos cursos/títulos relacionados co posto
- D) Contratos de traballo xunto con informe de vida laboral
- E) Certificado de coñecemento da lingua galega

O prazo máximo para presentar a instancia xunto coa documentación rematará o **día 23 de marzo de 2021.**

Rematado o prazo de presentación de documentación dictarase a correspondente Resolución sobre a admisión ou non dos solicitantes, resolución que se publicará no



CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto
15806 Toques (A Coruña)
Tlfn.: 981 505 826
Fax: 981 506 255
Páxina web: www.toques.es
e-mail: correo@toques.dicoruna.es

taboleiro de anuncios físico situado na Casa Consistorial e no taboleiro de anuncios sito na sede electrónica do Concello de Toques (<https://sede.toques.es>).

Os solicitantes excluídos terán un prazo de 1 día hábil para presentar as reclamacións oportunas. Unha vez resoltas as reclamacións se dictará a resolución sobre a admisión definitiva dos solicitantes e no que se determinará a data para proceder por parte do Tribunal á baremación dos méritos e á realización e posterior avaliación da proba práctica.

NOVENA.- Fase de concurso. Baremo para a valoración de méritos.-

Procederáse por parte do Tribunal a valorar os méritos alegados por cada un dos candidatos, o baremo para a avaliación é o seguinte:

1.- Cursos relacionados coa actividade a desenvolver (peóns de obras públicas).

Ter participado e finalizado con aproveitamento ou de maneira favorable programas de capacitación, formación e integración no mercado laboral organizados e/ou financiados polas Administracións Públicas:

- Cursos de 100 horas ou máis: 1,50 puntos.
- Cursos de 50 a 99 horas: 1,00 puntos.
- Cursos de 10 a 49 horas: 0,50 puntos.

A puntuación non poderá superar os 5 puntos.

Aqueles cursos en cuxo certificado acreditativo non consten o número de horas, ou ben teñan unha duración inferior ás 10 horas, non serán obxecto de valoración.

2.- Por experiencia laboral en postos de traballo similares (categoría de peón de servizos múltiples, peóns de obras, peóns medioambientais,...) en empresas privadas (0,10 puntos por mes) ou en Administracións Públicas (0,20 puntos por mes traballado).

A puntuación máxima será de 5 puntos.



CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto
15806 Toques (A Coruña)
Tlfn.: 981 505 826
Fax: 981 506 255
Páxina web: www.toques.es
e-mail: correo@toques.dicoruna.es

DECIMA.- Coñecemento da lingua galega.- Tendo en conta o artigo 35 do Decreto Lexislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Función Pública; aos candidatos/as que non presenten Certificado de coñecemento da Lingua Galega, Celga 2 ou superior, ou equivalente, deberán realizar unha proba oral de coñecemento da lingua galega, de carácter obrigatorio e eliminatorio, que será calificada de apto ou non apto.

UNDÉCIMA.- Tribunal Calificador.- Estará composto polos seguintes membros:

PRESIDENTE: Dona María Jesus Rivas Moscoso, Auxiliar de Inteventor do Concello de Santiso.

VOGAIS:

Vogal: Dna. Guadalupe Vázquez Ascariz, Traballadora Social de Toques.

Vogal: Dna. Ana Vallo Camba, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local de Boimorto.

Vogal: Dna. María Ermitas Sánchez Gonzalez, Traballadora Social do Concello de Sobrado dos Monxes.

SECRETARIO: D. Iván Ponte Mahía, secretario do concello de Toques.

No caso de ausencia do/a Presidente/a, será substituído/a polo primeiro vogal.
No caso de ausencia da Secretaria, será substituída polo segundo vogal.

DUODÉCIMA.- Acreditación de méritos.- Os méritos comprendidos no apartado 1 da base oitava acreditaranse mediante copia compulsada do certificado expedido polo órgano correspondente.

O coñecemento da lingua galega acreditarase mediante copia compulsada do certificado correspondente.



CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto
15806 Toques (A Coruña)
Tlfn.: 981 505 826
Fax: 981 506 255
Páxina web: www.toques.es
e-mail: correo@toques.dicoruna.es

A acreditación da experiencia laboral terá lugar mediante a presentación dos correspondentes contratos laborais xunto co informe de vida laboral.

DECIMOTERCEIRA.- En caso de empate aplicaranse os seguintes criterios de prioridade:

- A) Mulleres, ó ter un diferencial de índice de paro rexistrado sensiblemente superior ó dos homes.
- B) Persoas desempregadas maiores de 45 anos con responsabilidades familiares: ter ao seu cargo o/a cónxuxe, fillos/as menores de 26 anos ou maiores con discapacidade, incapacitados ou menores en acollemento.
- C) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.

DECIMOCUARTA.- Puntuacións.- Finalizado o proceso selectivo, publicaranse as puntuacións no Taboleiro de anuncios físico sito na Casa Consistorial do concello e no Taboleiro de anuncios sito na sede electrónica do Concello (<https://sede.toques.es>).

Os candidatos terán un prazo de 1 día hábil para presentar reclamacións.

A puntuación total acadada será a suma da puntuación obtida na fase de concurso sumando os puntos acadados por formación e os puntos acadados por experiencia laboral.

DECIMOQUINTA.- Transcurrido o prazo para a presentación das reclamacións, o Tribunal propondrá á alcaldía a contratación das persoas que acaden a maior puntuación.

Se algún/algunha dos/as candidatos/as inicialmente propostos renunciaren á contratación, pasaríase a contratar aos seguintes por orde de puntuación e así sucesivamente.

A contratación dos/as aspirantes seleccionados/as corresponde ao Sr. Alcalde.



CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto
15806 Toques (A Coruña)
Tlfn.: 981 505 826
Fax: 981 506 255
Páxina web: www.toques.es
e-mail: correo@toques.dicoruna.es

En todo o non previsto nas presentes bases estarase ao disposto na lexislación laboral e lexislación sectorial complementaria que resulte de aplicación.

En Toques, o asina o Sr. Alcalde na data que figura á marxe;

ANEXO I



CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto
15806 Toques (A Coruña)
Tlfn.: 981 505 826
Fax: 981 506 255
Páxina web: www.toques.es
e-mail: correo@toques.dicoruna.es

MODELO DE INSTANCIA

D./Dna. con DNI núm.
..... e con domicilio para efectos de notificación
enCP.....
.., localidade..... e teléfono.....

EXPÓN:

- Que ten coñecemento da convocatoria e das bases para a selección decomo persoal laboral temporal do Concello de Toques.
- Que está en posesión de todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases de selección.

Polo tanto,

SOLICITA:

Ser admitido/a ao correspondente proceso selectivo, presentando para iso a documentación que se achega.

Toques, de de 2022

Asdo.:

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE TOQUES (A CORUÑA)



CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto

15806 Toques (A Coruña)

Tlfn.: 981 505 826

Fax: 981 506 255

Páxina web: www.toques.es

e-mail: correo@toques.dicoruna.es

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR PROCESO SELECTIVO PEONS DE OBRAS PÚBLICAS 2022

- DNI
- Carta do Inem ou tarxeta desemprego
- Permiso de conducir
- Certificados de aproveitamento dos cursos ou programas de capacitación, formación e integración no mercado laboral.
- Contratos de traballo xunto co informe de vida laboral
- Certificados dos cursos de galego: Celga 2 ou superior ou equivalente.